



Concello de Vigo

D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 7 de setembro de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

8.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 3574/321.

Visto o informe de fiscalización do 01/09/17, dáse conta do informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación do 28/08/17:

"A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de agosto de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 10 de agosto de 2017, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) na seguinte orde descendente:

<i>Licitador</i>	<i>Puntuación total</i>
GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.	93,70
CLECE, S.A.	84,34



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/09/2017 10:42

Páxina 1 de 3

Expediente 3574/321

Código de verificación: 24EE4-A4AED-38A38-C23ED

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

CONTACTNOVA, S.L.	83,77
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.	51,75

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.981,48 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., o día 11 de agosto de 2017, que presenta a documentación requirida o 18 de agosto, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de agosto de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/09/2017 10:42

Páxina 2 de 3

Expediente 3574/321

Código de verificación: 24EE4-A4AED-38A38-C23ED

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliables mediante xuízo de valor de data 3 de agosto de 2017 e da valoración das proposicións avaliables mediante fórmula efectuada pola Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 9 de agosto de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L., o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 934.313,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 162.153,60 euros.*
- b) Propón un incremento de 10 horas semanais (total 306 horas semanais).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/rs

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/09/2017 10:42

Páxina 3 de 3

Expediente 3574/321

Código de verificación: 24EE4-A4AED-38A38-C23ED

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>